



EL NIÑO CON MIEDO A HABLAR

Raquel OTERO RODRÍGUEZ
Universidade de Santiago

O libro que tratamos nesta crítica textual recibe o título “El niño con miedo a hablar”, foi escrito por José Olivares Rodríguez.

Pertence á colección que leva por nome Ojos Solares, publicada por Ediciones Pirámide, S.A. Madrid. Nesta colección ofrécese asesoramento por parte de especialistas de recoñecido prestixio, científicos e profesionais, sobre temas infantís e xuvenís para facer fronte ó reto de mellora-la calidade de vida nas persoas.

Neste caso atopámonos co profesor José Olivares, que realiza labores docentes e de investigación na Universidade de Murcia ademais de ser doutor en Psicoloxía e especialista en Pedagogía terapéutica.

No prólogo de Francisco Xavier Méndez da Universidade de Murcia fáísenos unha breve presentación do que imos atopar a medida que nos adentramos nas páxinas do libro. Xavier Méndez fai referencia ó límite en que esta falta de fala en ocasións é un problema que debe tratarse coa axuda dun profesional experto no tema. Xeralmente, castígase os rapaces que falan de máis porque adoitan ser maleducados e incluso descarados. Pola

contra, reaccionamos con maior benevolencia cando o neno dá a calada por resposta. Preocupámonos menos dos déficits que dos excesos verbais, a pesar do malestar e sufrimento dos nenos que teñen dificultades para comunicarse. O autor do prólogo e compañeiro de Olivares recomenda o libro por dúas razóns. A primeira é a traxectoria profesional do escritor e a súa especialización no tema que estamos a tratar, os nenos que teñen problemas de comunicación polo medo a falar. A segunda razón é o estilo da obra que é clara e amena.

O fin primordial de Olivares na súa obra é a concesión de importancia ó problema da comunicación nos nenos. Así deducimos da súa lectura unha serie de obxectivos que acompañan ó fin principal antes mencionado: primeiro, debe dárselle unha maior importancia a ese mutismo ocasional nos rapaces; segundo, explicar de forma detallada os factores que poden influír na orixe ou acentuación desta patoloxía; terceiro, consecuencias físicas e psicolóxicas que sofren os enfermos; cuarto, aconsellar adecuadamente a persoas que sufran este problema tanto no seu entorno familiar coma profesional; quinto, explicar as posibles terapias existentes ata o momento

que deberán ser seleccionadas polo profesional ó que se acuda, en caso de ser necesario.

Esta obra concíbese coma un instrumento de información, descrición e recurso fundamental de axuda e mellora das condicións dos afectados por este problema. A diversidade de destinatarios na que se pensou ó escribir o libro dá unha idea do ambicioso do contido desta publicación. Como se declara no prólogo e máis tarde con citas directas ó longo dos capítulos, o libro está dirixido en primeira instancia a pais, educadores e mestres. Os lectores que consultan o libro por interese ou curiosidade nestes temas.

En principio parece difícil tratar dun tema tan complicado coma este e cumprí-las expectativas dos lectores pero, na nosa opinión, consígueo dun xeito maxistral.

Abre un amplo abano de aspectos relevantes para a análise da gravidade do problema do neno, que van desde os posibles factores estresores ata os diferentes resultados obtidos cas terapias en mans dun especialista no tema.

O contido trátase dun só tema, o medo, explicado dun xeito xeral e completo aínda que se lle concede especial importancia ó apartado específico do medo dos nenos a falar. Esta visión permítenos facer unha división do libro en apartados e capítulos segundo se trate ou non o mutismo infantil.

No primeiro capítulo atopámonos cunha ampla introducción ó tema do medo na infancia e na adolescencia. Olivares explícanos os diferentes factores que inflúen na análise para a clasificación do medo: idade, sexo e medio socio-económico. Tamén fala dunha distinción de termos moi importante que a maioría utilizamos como sinónimos aínda que non o son: medo e fobia. Dentro disto explícanse os tipos máis frecuentes de fobias e os factores máis comúns nas súas causas. Este último apartado consta de varios subapartados nos que se explican as diferentes formas de apren-

der a ter medo, todas elas exemplificadas con casos prácticos de pacientes de Olivares. Outro punto importante é a repercusión que estas fobias poden ter na saúde. Adóitase resaltarlle importancia pero non nos damos conta realmente da sorprendente magnitude que este problema pode alcanzar tanto na saúde física coma na psicolóxica. Os pacientes experimentan pensamentos irracionais fronte a esas causas do medo e sofren de trastornos físicos coma a sudoración excesiva nas mans, incremento da taxa cardíaca, náuseas, vértixes, mareos e ata disfemia.

No segundo capítulo xa se introduce os lectores no tema específico da comunicación, ou mellor dito, nos problemas da comunicación por medo. Tamén se nos dá a información suficiente para clasificar a patoloxía en tres grandes grupos dependendo da súa gravidade: aversión a falar, mutismo electivo ou selectivo, e mutismo progresivo ou total. Nesta clasificación inflúen o número de veces que dá a calada por resposta, os lugares e situacións, as persoas ás que non lle fala e, por suposto, a fluidez da súa fala.

No terceiro explica as posibles causas deste problema comunicativo, ó tratar tanto das medidas que os profesionais adoptan para atallar ese déficit e as súas consecuencias como posibles factores e situacións nas que poden axudar a que o seu estado mellore, aínda que tan só sexa lixeiramente.

Fáisenos unha pequena advertencia ós lectores enfocada ó entorno familiar pois moitas veces os pais empeoran a situación de mutismo con certas circunstancias:

Antecedentes familiares: o feito de haber un caso previo deste problema na familia.

- Existencia explícita ou implícita na familia dun ideal que conduza ou oriente permanentemente o neno a ter que ser un fillo “todopoderoso” sen medo algún. Deste xeito auméntase a vixilancia

para que o neno fale estea donde estea e diante de calquera.

- Correxir inmediatamente todos e cada un dos fallos que o neno comete: non mirar de fronte ó interlocutor, o ton de voz, a postura corporal...
- Castigar o neno ridiculizándoo a través da reprodución do seu comportamento, mediante xestos recriminatorios ou incluso fisicamente e tanto en público coma en privado.

Danse ademáis unha serie de consellos para que os pais intenten non inculcarlles ós seus fillos o medo a falar. É curioso, porque se nos plantexa de xeito invertido, Olivares dá as pautas a seguir para conseguir que o neno se asuste.

- Iniciar a súa actuación o máis cedo que poida, a ser posible cando estean començando a falar e concretamente cando se note que non quere falar xa que se sonroxa ou evita mirar o interlocutor.
- Facelo xusto no momento no que se nota que a tensión muscular aumenta no seu corpo e especialmente na cara.
- Estar permanentemente atentos a calquera problema que o neno poida ter neste sentido, por moi pequeno que sexa ou moi inadvertido que puidera pasar.
- Seguir alarmándose polo máis pequeno erro e correxíndoo e advertíndolle como debe facelo no futuro.
- Explicitar sempre que poidan os seus temores tanto en presenza do rapaz coma de persoas significativas para el.
- Procurar que o acceso á escola sexa o máis ecolóxico posible: non advirta nin axude ó neno nesta situación difícil e rara para el.

- Finalmente, non permitir que poidan comprobar que se se expón, sen respostas de escape, de forma reiterada desaparecerá o seu intenso estado de malestar que non lle provocará a perda de voz como o neno cre.

O cuarto capítulo é moi útil e pode estar dirixido a todo tipo de lectores. Non só se trata de persoas que teñen aversión a falar senón tamén a outras persoas ás que lles dá medo falar pero que non chegan a ter esa enfermidade. A todos nos pasou algunha vez ter problemas para falar en público ó expoñer un traballo ou dar unha conferencia. Moitas veces non sabemos cómo actuar e este capítulo danos unhas pautas a seguir tanto se se trata de nós coma das persoas do noso entorno.

Debemos salientar entón as diferentes táboas ilustrativas que aparecen ó longo de todo este capítulo e que están deseñadas co fin de que os pais as utilicen para a axeitada análise do comportamento do neno. Para estimar a gravidade do problema propón dúas tarefas:

1ª-falar co neno creando un ambiente agradable que pode conseguir xogando con el, léndolle un conto que saiba que lle gusta de antemán. Cando consiga que estea relaxado preguntarlle polo seu medo a falar interesándose cada vez por aspectos máis concretos. Mentres que ocorre todo isto debe grabalo cunha cámara ou, no seu defecto, con métodos alternativos como un magnetofón ou transcripción de memoria.

2ª- Interpretar todo o que se filmou facendo, se é posible, un cuestionario exploratorio que consta de tres partes importantes: número, intensidade e duración das respostas de evitación e das respostas de escape; segundo, respostas de ansiedade e respostas motoras. Recoméndase tamén o control do medio no que se envolve o afectado cunhas sinxelas tarefas que axudarán a que a situación mellore:

- Evitar toda conversación sobre antecedentes na familia e o problema do neno na súa presenza, tanto polo mal que o pasa o neno como polos inconvenientes que eso lles causa ós pais.
- Non contar historias nas que os protagonistas presenten medo a falar e non sexan capaces de superalo en situacións de interacción social, ó igual que incrementar o número de visitas a casas de coñecidos.
- Fomenta-lo excursionismo por medio de cortos recorridos a pé e vacacións con outras persoas alleas ó medio familiar.
- Advertir, recordar ou informar ás persoas coas que o neno se debe relacionar cotidianamente que deben omitir todo tipo de comentario sobre os seus erros.
- Procurar substituír os pensamentos irracionais e negativos por outras formas máis positivas e racionais de afrontar-los problemas en xeral e en particular.
- Reflexionar e engadir, nuns espacios axeitados no libro, calquera tarefa que poida ser útil no seu caso particular.

O quinto xa é un capítulo específico e cun obxectivo moi claro pois vai dirixido a un público que teña contacto directo con algún neno que teña este problema. Débense analizar os síntomas que presente na súa conducta e que nos permitirán avaliar e diagnosticar o grao de profundidade do seu problema. Todo isto levaranos, se é profundo, a requeri-la axuda dun profesional na materia que sexa axeitado. Podemos enumerar entón as distintas técnicas utilizadas nos tratamentos que están condicionadas pola corrente á que pertencen: técnicas operantes, técnicas derivadas do condicionamento clásico e o modelo cognitivo-conductual.

Técnicas operantes manteñen que o medo a falar son conductas aprendidas. Nalgún momento do seu desenvolvemento foron reforzadas porque xeraron beneficios (Costo da resposta, Desvanecemento estimular Moldeamento, Reforzamento negativo, Reforzamento positivo, Reforzamento negativo, Tempo fóra do reforzamento)

De tódolos xeitos estas propostas son mera información pois o autor do libro declara utilizar as técnicas do condicionamento e modelo cognitivo-conductual. Técnicas de respiración e relaxación: reducen os niveis de tensión e facilitan o enfrontamento coa situación e con persoas ante as que temen falar. Habilidades sociais:entrenamento das habilidades sociais de relación interpersonal perdidas polo aislamiento. Tamén hai unha perda da agresividade, entrenamento da mirada cara o interlocutor, control da postural corporal e tono de voz. Modelado, automodelado filmado e automodelado gradual filmado: utilización de filmacións nas que o neno responde por montaxe a persoas que lle causan medo. A isto engádeselle unha nova técnica “Automodelado gradual filmado e trucado”: superposicións de filmacións do neno e das persoas ás que non lles fala finxindo un diálogo directo entre eles. Con esta técnica conseguen resultados eficaces nos casos de mutismo electivo. Aúnanse as vantaxes do automodelado coas da exposición gradual a situacións aversivas. O sexto capítulo é sorprendente pero realmente útil. Cun pequeno test de 55 preguntas sobre o libro somos conscientes dos nosos coñecementos sobre o libro o que demostrará se a nosa lectura foi a axeitada. O manual ven dotado dunhas sinxelas respostas coas iniciais de verdadeiro ou falso que mediante unha sinxela fórmula (respostas acertadas-respostas erradas) nos introducen nun dos 5 grupos de clasificación. Deste xeito somos conscientes dos nosos posibles coñecementos sobre o tema e podemos completalos lendo de novo o libro ou simplemente aqueles capítulos nos que teñamos dúbidas.

Na última parte atopamos unha bibliografía non demasiado extensa de tódolos libros que Olivares consultou para escribir estas liñas xunto cos seus propios coñecementos sobre o tema que parecen ser bastantes. Tamén aparece unha serie de lecturas recomendadas que tratan deste tema para obter unha maior información en xeral ou nun aspecto en concreto. Non existe ningún libro en castelán que trate soamente deste problema de conducta de personalidade polo que se limita simplemente a artigos de investigación en relación co tema. Aínda que non temos un coñecemento en profundidade podemos deducir polo seu título que tratan de temas específicos dentro do mutismo.

O carácter do libro é maiormente didáctico e práctico, o que queda de manifesto no seu estilo sinxelo e claro nunha exposición ordeada. Tamén conta cunha abundante exemplificación con casos concretos de tódolos graos da enfermidade que o autor coñece á perfección por tratarse dos seus propios pacientes.

Na organización do libro atopamos importantes recursos que aínda que son sinxelos e en ocasións obvios, poden chegar a ser de moita axuda. Temos, así, recadros a modo de nota ó final de cada subapartado en capítulos coma o 5 e resumos ó final de cada capítulo que recollen o máis significativo de cada un deles e que o lector pode utilizar para solventar as súas dúbidas ou completar información.

Non podemos considerar este libro coma un manual máis dedicado ós nenos con medo a falar, senón que a súa publicación xustifícase por reunir información especializada e exposta dun xeito claro e nun tono ameno e amigable. O autor enfróntase coa difícil tarefa de facer asequible a un público non especializado uns temas que requiren uns coñecementos especializados. O enorme inconveniente deste plantexamento é atopar o equilibrio entre unha exposición o suficientemente detallada, que non se limite, por tanto, ó máis evi-

dente, e facer que os lectores poidan seguir o fío do libro sen problemas.

Ademáis disto, propón unha liña bastante clara de investigación que unifica as diferentes teorías que se expoñen ó longo do libro, se ben parece decantarse explicitamente pola corrente conductista clásica e cognitivo-conductual. Introduce deste xeito o lector nunha dirección específica ó mesmo tempo que publicita unha nova técnica estudada polo seu equipo da que podemos atopar un libro completo dedicado a ela nas lecturas complementarias que leva coma autor tamén a José Olivares.